



Campaña «Democracia es igualdad», de 1993. O cartel preguntaba «¿Acaso creste mellor que estas persoas? Por todas e todos, un respecto».

CARTA DE DEREITOS HUMANOS (1948)

Artigo 2.1. «Toda persoa ten tódolos dereitos e liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional e social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición»

Presentación e xustificación

A adolescencia é o proceso de maduración máis rico da existencia do ser humano. A partir deste momento, a escola, a través da figura da titora ou o titor, ofrécelles ós rapaces e ás rapazas a posibilidade de analiza-las propias calidades, axuda que é imprescindible para o desenvolvemento da idea de autoconcepto. Esta posibilidade de reflexión guiada permite que as rapazas e rapaces se formen un concepto de si mesmas/os, atribuíndose características que inclúen suizos favorables ou desfavorables. O autoconcepto ten sempre unha orixe social, xa que se constrúe en interacción cos demais. A realidade pon de manifesto que o autoconcepto pode ser de natureza negativa, en boa parte como consecuencia de apreciacións negativas construídas nas experiencias escolares.

Se consideramos a saúde e a educación como dos dereitos básicos de toda sociedade democrática e avanzada, a *Educación para a saúde* é unha actuación obrigada de toda comunidade educativa que se precie de ofertar unha calidade de ensinanza igualitaria e progresista.

O obxectivo fundamental destes materiais que presentamos non é outro que promociona-la saúde como un valor apreciado polas alumnas e alumnos, de forma que adquiran hábitos e costumes para o seu benestar físico e mental e do seu contorno social. Esta característica social da saúde é unha chamada a descubrir que a saúde é tarefa de toda a sociedade e a todas e a todos nos implica, xa que non é posible manter individuos saudables en sociedades “insalubres”.

A partir deste obxectivo, en *A orientación sexual nas aulas* debemos introducir suficientes feitos, conceptos e principios que permitan discriminar o salubre do insalubre na nosa realidade próxima, así como ofrecer suficientes procedementos, habilidades e destrezas para manterse saudable, ademais de garanti-la interiorización de normas de saúde e aprecio de valores que permitan a presenza dun ambiente san na nosa acción educativa.

A orientación sexual nas aulas incardínase dentro deste concepto de saúde porque a sexualidade é, ante todo, aceptación dun mesmo e dunha mesma: non existen individuos sans con a autoestima danada. Polo tanto, unha afectividade sa xerará sempre reaccións saudables cun/ha mesmo/a e cos demais. Todo o demais, falando de afectividade e de sexualidade, pertence ó democrático campo das “liberdades persoais” e, precisamente por eso, as comunidades educativas respectarán a autonomía e a capacidade de decisión dos membros que a integran. Dentro desta autonomía inscríbese a “opción sexual”, que cada persoa decide para si mesma, incluída a súa orientación, como un dereito inherente á súa propia felicidade e benestar.

En canto ás actividades aquí propostas, inclúense dentro da reflexión sobre a linguaxe e sobre as prácticas sociais e profundan un amplo territorio que vai dende o vocabulario específico, as agresións lingüísticas, as expresións “insalubres” ocultas no pensamento e verbalizadas na linguaxe cotiá, ata as reaccións sociais, a análise e debate de tópicos, o respecto á diferenza, a conciencia da pluralidade persoal e social, etc.


Cremos que a continxencia educativa no ámbito da educación afectiva e sexual debe ser explicitamente democrática e evitar co máximo coidado o currículo oculto (os propios prexuízos incluídos) e, por suposto, a belixerancia a favor ou en contra de tal ou cal “opción”: todo se resume nun exquisito respecto ás outras e ós outros e nunha confianza verdadeiramente democrática no uso da liberdade.



1. O sexo e o xénero.

Tódolos seres humanos nacemos nun corpo sexuado. Ó nacer, dependendo de cómo sexan os nosos xenitais, de se nacemos cun pene ou cunha vaxina, asígnasenos un sexo: femia ou macho. Así, como varón ou muller, seremos inscritos no Rexistro Civil e esta etiqueta de sexo acompañarános ó longo de toda a nosa vida. *Femia, macho, muller, varón* son palabras que refiren ó noso *sexo*.

Ademais, dende o nacemento, hai toda unha serie de actividades ou actuacións moi estereotipadas e altamente reguladas culturalmente que



serven para colocar ó bebé humano dentro dun *xénero*. Para empezar, a criatura humana será vestida cunha roupiña azul ou rosa e comezará a ser socializada para facer do bebé con pene un varonciño de xénero *masculino* e do bebé con unha vaxina unha futura muller *feminina*.

Cada cultura constrúe un modelo ideal de masculinidade e de feminidade que a cativa e o cativo deberán obedecer dende que nacen e ó longo de toda a súa vida. A non coincidencia de sexo e xénero (de varón e masculino; de muller e feminino) págase con castigos que van dende a burla e o insulto ata a persecución institucional: todas e todos escoitamos con certa frecuencia eses tópicos tan vivos na sociedade que din que, por exemplo, un rapaz delicado e sensible é un "maricallo" e unha rapaza forte e asertiva é un "marimacho".

Ata aquí, entón, temos que os seres humanos nacemos cun sexo e se nos educa para ser dun xénero. O sexo é algo dado, pertence ó ámbito da natureza. O xénero é unha construción social, pertence ó ámbito da cultura. Que isto é así queda demostrado pola invariabilidade do sexo (dende que aparecimos como especie, e incluso moitísimo antes, os seres humanos nos caracterizamos polo dimorfismo sexual) e a variabilidade do xénero, que se demostra na diversidade e disparidade dos contidos que cada cultura asignou e asigna ós conceptos "feminino" e "masculino" ó longo da historia e nas diferentes culturas.

Polo tanto, sobre o dimorfismo sexual da especie humana, é dicir, sobre o feito biolóxico da existencia de dous sexos (femia/macho), construíuse a división psicosocial do xénero. Este pode definirse como o conxunto de características físicas, psíquicas e de comportamento que cada cultura asigna a cada un dos sexos, á femia humana a "feminidade" e ó macho humano a "masculinidade". "Masculinidade" e "feminidade" refíren-



Dúas mulleres facendo o amor.
Koryisai

Exercicios:

1. Constrúe o campo semántico de "masculino" e "feminino". Busca adxectivos apropiados e inapropiados para cada un deles. Razoa por que son apropiados e inapropiados. Busca agora verbos -é dicir, accións- que as nenas e os nenos poden ou non poden facer. Intenta razoar en cada caso concreto se é natural ou cultural.

2. Busca no dicionario as palabras 'femia', 'macho', 'home', 'muller', 'feminino', 'masculino', 'feminidade', 'masculinidade'. Razoa en cada caso se as definicións son acertadas e neutrais ou se están sesgadas ideoloxicamente e a quen favorecen.

3. Argumenta : ¿por que as mulleres usan saias e os homes non? ¿Por que as mulleres e os homes usan pantalóns? ¿Por que as mulleres usan zapatos de tacón e os homes non? ¿Por que as mulleres se depilan e os homes non? ¿Foi sempre así? ¿Que pasa en culturas non occidentais?

Dúas mulleres facendo o amor.
Colección Giti Thadani



se á identidade de xénero culturalmente adquirida, aínda que, dado que as persoas adquirimos este sentido ou percepción da propia identidade psíquica a unha idade tan temprana na nenez que non somos conscientes da súa adquisición, parécenos a forma “natural” de ser e senti-lo feito de seren seres sexuados.



O contido do xénero varía dunhas culturas a outras e de unhas épocas a outras, pero en tódalas sociedades das que temos noticia histórica ocorreu que sobre a base biolóxica do sexo tense construído a dicotomía social do xénero. Esta construción cultural supón, ademais, unha xerarquización de valores segundo a que as características e actividades consideradas como “masculinas” atribúenselles máis valor que ás consideradas “femininas”. As distincións psicosociais que desigualan a mulleres e homes non teñen un fundamento biolóxico, e nin siquiera os estereotipos sexuais o teñen, pero cando as relacións de xénero cobran carta de natureza asúmense literalmente así, como o dado por natureza, e o xénero cálzase como unha luva sobre a diferenza biolóxica. Tódalas culturas que coñecemos caracterízanse, independentemente da súa localización espacial ou cronolóxica, polo dominio -indiscutido, e que se fai pasar por natural pese a ser unha institución- do macho sobre a femia humanos, sendo así que o dominio sexual é a ideoloxía máis arraigada en tódalas culturas, e que esa ideoloxía mantense invariable porque tódalas forzas capaces de producila e lexitimala -a política, as leis, as finanzas, a ciencia, a tecnoloxía, as academias, e os seus brazos armados, o exército e a policía- están en mans masculinas.

2. Identidade. Heterosexualidade, homosexualidade, bisexualidade, trans-sexualidade.

Dende que nacemos, os seres humanos comezamos a facernos unha idea de quen e qué somos, imos adquirindo unha personalidade individual que nos identificará como persoas únicas. Neste camiño cara á individuación é moi importante o fenómeno que se coñece como "identificación", o proceso a través do cal imos forxando a nosa identidade "identificándonos" sucesivamente con persoas ou actitudes que nos agradan, que consideramos valiosas e dignas de imitación e que queremos para nós; queremos ser "idéntic@s" a alguén, pertencer a un grupo. O sentimento de identidade e o de pertenza están intimamente imbricados e son inextricables.

Nalgún momento da infancia as persoas comezamos a sentir atracción polas persoas do mesmo sexo, do sexo contrario ou por ámbolos dous sexos. Pouco a pouco vaise fixando a nosa identidade sexual, o que permitirá definírmonos como homosexuais, heterosexuais ou bisexuais. Estas tres posibilidades no abano da sexualidade humana son igualmente naturais. Non hai ningunha explicación que convenza plenamente e consiga explicar "de todo" por qué a unhas persoas nos gusta e nos atraen persoas do noso propio sexo, do sexo contrario ou indistintamente dos dous se-



Exercicios:

1. Busca nun dicionario de lingua as palabras 'heterosexual', 'homosexual', 'lesbiana', 'bisexual', 'transexual'. Agora busca estas palabras nun dicionario de sinónimos. Razoa se son definicións neutrais ou, pola contra, se son discriminatorias. De ser así, argumenta por que son discriminatorias.

2. Fai un listado de persoas famosas heterosexuais e homosexuais (homes e mulleres). Reflexiona e argumenta cal das dúas listas é máis difícil de completar.

3. Explica a expresión "saír do armario".

4. Pequenos traballos de investigación:

1) ¿Cal é a actitude da Igrexa católica sobre a homosexualidade?

2) ¿Cal a da Medicina e a Psiquiatría?

3) ¿Cal a da lexislación no Estado español? ¿É a mesma situación legal en tódolos países da UE?

xos. A orientación sexual é involuntaria; non é produto dunha decisión persoal. Ademais, aínda que a maioría da xente descobre a súa orientación sexual na preadolescencia ou na adolescencia, hai persoas para quen este descubrimento é posterior e acontece en plena vida adulta (o que ven avalar a tese que defende a teoría da sexualidade contemporánea de que a identidade sexual nunca é plena e "para sempre", senón que é un proceso fluído e continuo). A nosa identidade persoal básica é a de ser unha muller ou un home. A ela súmanselle-la identidade sexual (hetero/homo/bi sexual) e outras formas de identidade (a identidade nacional, a de raza, a de clase, a étnica, a relixiosa, etc...). A identidade asóciannos a outros individuos (as nosas idénticas e os nosos idénticos), permítenos *sentir como*, arráiganos. Agora ben, ningunha identidade é un ideal pleno e para sempre, inmodificable; máis ben é como un cadro valeiro que imos enchendo ó longo da vida con formas de "ser" ou de "sentir" que van variando; o concepto de "identidade" é un significante lingüístico que cada persoa vai cargando con significados diferentes ó longo da vida.

Ademais, existen persoas que nacen nun corpo dun sexo biolóxico distinto do que senten ser; é dicir, que a súa identidade (o seu sentido de pertenza e identificación) persoal como home ou como muller e o seu corpo biolóxico non coinciden: hai homes que senten ser mulleres e mulleres que senten ser homes a pesar do seu corpo biolóxico. Estas persoas son transexuais. Actualmente, e gracias á cirurxía, as e os transexuais poden modifica-lo seu corpo biolóxico para que poida adecuarse á súa identidade persoal.

Dúas mozas-amigas.
Tamara de Lempicka



3. Sexismo, heterosexismo. Homofobia, lesbofobia, transfobia.

O sexismo é, asemade, ó mesmo tempo, unha teoría e unha práctica que afirma a superioridade dos homes sobre as mulleres e xustifica e practica a discriminación contra as mulleres. Canto menos desenvolvida e pechada é unha sociedade, máis peso e máis presenza ten nela o sexismo. Canto máis desenvolvida e aberta é unha sociedade, máis igualitaria é e menos machista.

O heterosexismo é tamén ó mesmo tempo unha teoría e unha práctica que afirma a superioridade da heterosexualidade sobre a homosexualidade ou a bisexualidade e xustifica e practica a discriminación e a persecución contra as minorías sexuais. Canto menos desenvolvida e pechada é unha sociedade, máis peso e máis presenza ten nela o heterosexismo. Canto máis desenvolvida e aberta é unha sociedade, máis igualitaria é e menos heterosexista.

Porque vivimos nunha sociedade de maioría heterosexual e heterosexista a homosexualidade e a bisexualidade son discriminadas como formas de sexualidade menos naturais que a heterosexualidade; os discursos fortemente heterosexistas chegan a afirmar que a homo ou a bisexualidade son formas "antinaturais" da sexualidade. Constrúese todo un discurso de rexeitamento que cristaliza nun sistema social, legal, educativo, familiar, etc., que favorece ás persoas heterosexuais



Gay Liberation. George Segal

e desfavorece e discrimina ás persoas non heterosexuais. E porque interiorizamos as normas culturais a través da nosa socialización e da educación, e é un feito indiscutible que as persoas recibimos "clases" permanentes de heterosexualidade, a maioría das persoas son heterosexuais.

A heterosexualidade é a forma da sexualidade imposta e que ademais ten premio: a normalidade, a visibilidade, a aceptación social. Para as persoas homosexuais ou bisexuais hai un plus de dificultade: primeiro, porque sempre é complicado ser distinta ou distinto, significarse como diferente á maioría; segundo, porque pertencer a unha minoría sexual significa ser excluída e excluído do contrato social: significa ser invisible (¿onde están os gais, as lesbianas, as e os bisexuais, as e os transexuais?); significa non ter plenos dereitos de cidadanía (non ter dereito a casar, a herdar, a compartir a patria potestade das fillas e dos fillos, etc.) tendo, non obstante, tódolos deberes; significa mesmo ser susceptible da violencia heterosexista (da violencia "de baixa intensidade" que é o insulto, ó ser obxecto de toda clase de bromas e de chistes degradantes, ata a violencia no seu grao extremo: aínda hai países no mundo que condenan a homosexualidade coa pena de morte).

A homofobia e a transfobia son produto do heterosexismo (é dicir, a

Exercicios:

1. Busca no dicionario as palabras 'sexismo', 'heterosexismo', 'fobia', 'homofobia', 'lesbofobia', 'transfobia'.

2. Reflexiona e debate:

a) ¿Quen de nós pode expresar libremente a nosa hetero/homo/bi ou transexualidade? ¿Quen de nós alenta que as nosas amigas e os nosos amigos homo/bi/trans podan falar libremente da súa opción sexual e afectiva?

b) A escola... ¿permite e potencia a liberdade sexual e afectiva, ou é un caldo de cultivo de heterosexismo?

c) Imaxina que es gai, lesbiana, bisexual ou transexual e que queres dicilo en casa e o teu círculo de amizades: ¿como reaccionarían? ¿que cres que dirían? E se lles confesas que es heterosexual?





ideoloxía de que a heterossexualidade é mellor e superior ás outras formas de sexualidade); éste é o seu caldo de cultivo. Entendemos por homo, bi ou transfobia as actitudes de rexeitamento, de noxo e de medo irracionais que provoca a diferenza sexual, as persoas homo, bi ou transexuais; tamén a incapacidade para acepta-la diversidade sexual. Esas actitudes poden ser persoais, individuais; pero ademais e sempre son institucionais, é dicir, son as propias institucións sociais as que promocionan a homo, bi ou transfobia ó promove-lo discurso sobre a superioridade e a naturalidade da heterossexualidade e ó non permiti-la plena igualdade de dereitos das persoas homo, bi ou transexuais. Tódolos colectivos de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais loitan para que a homofobia se tipifique como delito no Código penal, se penalice e se persiga.

Bibliografía:

Mira, Alberto: *Para entendernos. Diccionario de la cultura homosexual, gay y lésbica*. Barcelona: La Tempestad, 1999
 Quiles, Jennifer: *Más que amigas*. Barcelona: Plaza y Jané 2002
 Sullivan, Andrew. *Prácticamente normal*. Barcelona: Alba, 1999
 Villena, Luis Antonio (ed.). *Amores iguales. Antología de la poesía gay y lésbica*. Madrid: La Esfera de los libros, 2002
 VV.AA. *En clave gay*. Madrid: Egales, 2002
 VV.AA. *A homosexualidade a debate*. Vigo: Xerais, 2002

Filmes:

1. *Beautiful Thing* (Heathy McDonald), *Los juncos salvajes* (André Techiné) (sobre gais adolescentes)
2. *Fucking Ammal*, *La verdadera e increíble historia de dos chicas enamoradas* (Maria Mageti), *Cuando cae la noche* (Patrizia Rozema) (sobre lesbianas adolescentes ou un pouco máis maiores)
3. *Boys don't cry* (sobre transexualidade)
4. *El celuloide oculto* (sobre o cine de Hollywood)

(Todas son perfectamente accesibles en videoclubs. Sería imprescindible visualizalas todas en clase e crear un debate a posteriori)

Enderezos de interese:

Legais, Colectivo de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais de Vigo,
 rúa Real, 4, 1º andar, Vigo.
 Reunións os venres a partir das 20,30 h.
 Tlf. 630 061 399.

Centro de Documentación-Biblioteca de Alecrín
 García Barbón, 30, 5º, Vigo.
 Tlf. 986 439 459.

Centro Xove de Saúde Sexual e Anticoncepción
 Lugo, 2, 1º, Vigo.
 Tlf. 986 443 243

Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller
 Romíl, 20, Vigo.
 Tlf. 986 293 963 / 201 153

